



BOP

MÉRCORES, 13 DE DECEMBRO DE 2023 N.º 284

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN. XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN DE LUGO

Anuncio

Acordo do 23 de novembro de 2023 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Cervantes (expediente IN407A 2022/219-2).

Con data 05 de xullo de 2023, a Xefatura Territorial de Lugo ditou resolución pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións previas e de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada "regulamentación LMTA BCR807 en tramo entre apoio nº 144 e nº 177 (Cervantes)" no concello de Cervantes.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo ao presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Cervantes, deducida da que se someteu a información pública no diario "El Progreso" do 26 de julio de 2023 e no Diario Oficial de Galicia do 27 de julio de 2023, para que comparezan o 08 de febreiro de 2024 no concello da Cervantes sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Cervantes estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 23 de novembro de 2023.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

ANEXO I

Relación de bens e dereitos afectados polo proxecto de regulamentación LMTA BCR807 en tramo entre apoio nº 144 e nº 177 (Cervantes)

Concello : Cervantes

Expediente: IN407A 2022/219-2

Finca	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Apoio n.º	Sup. (M2)
4	14	156	Estrada	Prado	Hdros. De Dositeo Gómez Tellado	150 , 151	4.0
8	16	133	Seara	Monte alto	Mariana Araujo	158	2.0
17	132	486	Encima dos prados	Monte baixo	Descoñecido	167	2.0
19	132	509	Prado Santa Xude	Prado	Manuel Antolín Fernández Fernández	169	2.0
20	132	294	Tallo Viña	Monte alto	Manuel Antolín Fernández Fernández	171	2.0
21	132	74	Reboleira	Monte alto	Manuel Antolín Fernández Fernández	173	2.0
22	126	49	Coba	Monte alto	Descoñecido	176	2.0

R. 3853

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS
SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ENSANCHE E MELLORA DA LU-114 NA CONTORNA DO PUNTO QUILOMÉTRICO 1+100

Termo municipal: LUGO

Clave: LU/19/160.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 27 de decembro de 2023

Lugo, 4 de decembro de 2023.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: X1806

Término municipal de:	LUGO
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-19-160-10

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
2; 1	LOPEZ ROUCO OLGA	ALFONSO X EL SABIO Nº 21-3ºB 27002 LUGO
2; 1	LOPEZ ROUCO RAMON	ALFONSO X EL SABIO Nº 21-3ºB 27002 LUGO

R. 3854

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ACONDICIONAMENTO DA LU-710, PUNTOS QUILOMÉTRICOS 0+000 - 4+500

Termo municipal: BARALLA

Clave: LU/17/103.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 27 de decembro de 2023

Lugo, 4 de decembro de 2023.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: X1804

Término municipal de:	BARALLA
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-17-103-10

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
75; 68	CAPON FERNANDEZ MARIA CARMEN	AVDA. DA CORUÑA, 65-1, 4º - 27003 LUGO
90	DIAZ GOMEZ JOSEFA	MANUEL MONTSUAR, 16-1, 2ºC - 25005 LLEIDA
124	FERNANDEZ GONZALEZ MANUEL	PONTE NEIRA, 21 (SAN MIGUEL) 27696 BARALLA
9; 14-1; 24; 36; 69; 78	GOMEZ RAMOS MARIA OLGA	A FACHITA, 7 - 27680 BARALLA
127	LOMBARDIA PRIETO JUAN ANTONIO PRIETO PEREIRA PILAR	RONDA DO CARME, 53 - 3ªA - 27004 LUGO
88	LOPEZ CAL EDUARDO CAMILO LÓPEZ CAL MARTA MARÍA INÉS	RONDA DAS FONTIÑAS, 96 - 6º G - 27002 LUGO
17; 11	MARTINEZ GOMEZ JOSE ANTONIO	QUERO, 55-1 - 5º IZQ. - 28024 MADRID
54; 114	MENDEZ RODRIGUEZ MARIA DEL PILAR	LAXES, 4 - 27680 BARALLA
73; 70	RESCO FERNANDEZ ESTRELLA CONSUELO	C/ DONOSO CORTÉS, 29 - 1º 5 - 28015 MADRID
64; 22; 63	RODRIGUEZ SANTIN LUIS	A FACHITA, 11 - 27680 BARALLA
47	VAZQUEZ MARTINEZ EMILIO	CM GROBOS, 361 - 27680 BARALLA
29	CARRECCI RIOS, CASILDA	RÚA MONFORTE, 9 - 1º A - 27003 LUGO
29	FERNANDEZ CARRECCI, GENOVEVA	RÚA MONFORTE, 9 - 1º A - 27003 LUGO
29	FERNANDEZ CARRECCI, JOSE LUIS	RÚA MONFORTE, 9 - 1º A - 27003 LUGO
8	MARRONDO MONTERO MARIA CARMEN	CASTELAO, 40 - 5º I - 27001 LUGO
11; 17	MARTINEZ GOMEZ DOLORES	QUERO, 55-1 - 5º IZQ. - 28024 MADRID
23; 27; 51	MENDEZ ARIAS MARIA	RÚA MERCED, 75 - 3º C - 15009 A CORUÑA
27; 23; 51	MENDEZ ARIAS MARIA DEL CARMEN	RÚA MERCED, 75 - 3º C - 15009 A CORUÑA

23; 51; 27	MENDEZ ARIAS MARIA LUISA	RÚA MERCED, 75 - 3º C -15009 A CORUÑA
27; 23; 51	MENDEZ ARIAS SENEN MANUEL	RÚA MERCED, 75 - 3º C -15009 A CORUÑA
14	MENDEZ LOPEZ OLIVIER	CAMPO DA FEIRA, 11 - 27640 BECERREÁ
14	MENDEZ LOPEZ SEBASTIAN	CAMPO DA FEIRA, 11 - 27640 BECERREÁ
14	MENDEZ VILLARES MANUEL	CAMPO DA FEIRA, 11 - 27640 BECERREÁ

R. 3855

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 5 DE DECEMBRO 2023 POLA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDOS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATAS, DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA NUNHA PRAZA DENOMINADA TÉCNICO/A MEDIO MICROINFORMÁTICA E REDES, INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2022, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 16.09.2022, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - IB) - taxa adicional de estabilización de emprego temporal (art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 16.09.2022, apróbase a convocatoria e bases específicas que rexerán, xunto coas bases xerais, o procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación de Lugo nunha (1) praza denominada técnico/a medio microinformática e redes, cota xeral, incluída na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IB) - na taxa adicional de estabilización de emprego temporal, á que se refire el artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre.

As bases xerais, convocatoria e bases específicas publicanse, para cumprimento do sinalado na base xeral 3, no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 224, do 29.09.2022, e na páxina web da Deputación de Lugo no apartado emprego público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 29.09.2022, publicándose extracto da convocatoria e bases no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 212, do 08.11.2022 e no Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 289, do 02.12.2022.

Rematado o prazo de presentación de instancias o día 12.12.2022, e para cumprimento do establecido nos puntos 6,7 e 9 das bases xerais, proponse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas que a continuación se relacionan:

A) PERSOAS ADMITIDAS:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	ANTELO SUÁREZ, ADRIÁN	***2096**
2	ARES FRAGA, JESÚS MIGUEL	***2044**
3	BELLO MÉNDEZ, IVÁN	***3864**
4	RANDÍS DA PENA, JOSÉ	***2273**

B) PERSOAS EXCLUÍDAS:

APellidos e Nome	DNI	Motivo da Exclusión
PEREIRA ALCARAZ, JORGE	***3834**	TITULACIÓN ACREDITADA: TÉCNICO SUPERIOR SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓN E INFORMÁTICOS <i>Non acreditar estar en posesión de ningunha das titulacións académica esixida na Base Específica 5.1:</i> <i>"Formación Profesional de grao medio da familia profesional de Informática e Comunicación da LOE: Técnico/a Microinformática e Redes ; Titulo de Formación Profesional de Grao Medio da Familia Profesional de Informática da LOGSE: Técnico/a en Explotación de Sistemas Informáticos; Título de FP Grao Superior da Familia de Informática e Comunicación da LOE: Técnico/a superior en desenvolvemento de aplicacións multiplataforma ou Técnico/a superior administración de sistemas informáticos en rede ou Título de FP Grao Superior da Familia de Informática da LOXSE: Técnico/a superior desenvolvemento aplicacións informáticas."</i>
PÉREZ NEIRA, DIEGO	***5700**	
VALENCIA RODRÍGUEZ, JOSÉ MANUEL	***9644**	<i>Non aboar a taxa de participación en procesos selectivos esixida na Base Xeral 5.4.</i>

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE.-

Titular: Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión na Sección de Administración de RRHH do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Emilio Silva Otero, asesor técnico, no Servizo de Recursos Humanos e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

VOGAIS.-

Titular: Don Nicolás Fariña Vereá, enxeñeiro informático, adxunto xefe Servizo Comunicación e TICs, na Sección de Novas Tecnoloxías da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Diego Rodríguez Albaronedo, Enxeñeiro/a Técnico/a Telecomunicacións na Sección de Novas Tecnoloxías do Servizo Comunicación e TICs da Deputación de Lugo.

Titular: Don Luís Gil Díez, técnico superior administración sistemas informáticos en rede na Sección de Novas Tecnoloxías do Servizo Comunicación e TICs da Deputación de Lugo

Suplente: Don José Manuel Muras Rodrigo, técnico superior desenvolvemento de aplicacións informáticas da Sección de Informática Recadación do Servizo de Xestión, Recadación e Inspección tributarias da Deputación de Lugo.

Titular: Dona Leticia Vilar Pumares, xefa do Servizo de Comunicación e TIC's da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Domingo Rodríguez Ferreira, Asesor Técnico no Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

SECRETARIA/O:

Titular: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ferreiro Fernández, tesoureiro da Deputación de Lugo.

3º.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal para que comparezan o mércores día 20 de decembro de 2023, ás 9 horas no Salón Verde da Deputación de Lugo, para a súa constitución.

4º.- Citar ás persoas que forman parte do Tribunal, e aos aspirantes admitidos para que comparezan o **venres día 2 de febreiro de 2024, ás 9 horas, no Salón de Plenos da Deputación de Lugo ao obxecto de realización do primeiro exercicio da fase de oposición.**

5º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade, cunha antelación mínima de 15 días da data fixada para realizar a proba de galego e do primeiro exercicio da fase de oposición.

Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días, contados a partir do seguinte o da publicación no BOP, para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva, sen necesidade de nova publicación.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola presidencia da entidade, a través dunha nova resolución coa listaxe completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da presidencia da entidade no prazo dun mes dende o día seguinte o da publicación da listaxe definitiva no BOP (no suposto de haber alegacións), ou dende o día seguinte ao transcurso dos 5 días da publicación no BOP da listaxe provisional, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte das datas antes mencionadas, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO**:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 7 de decembro de 2023.- O SECRETARIO, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3868

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

Habendo quedado aprobado definitivamente o Orzamento municipal para o exercicio económico de 2023, segundo o acordo adoptado na sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 17 de novembro do 2023, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de UN MILLON CINCOCENTOS CINCUENTA E DOUS MIL OITOCENTOS SESENTA E SETE EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (1.552.867,32€), correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo.	Importe
1.- GASTOS DE PERSOAL	704.300,00
2.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	498.615,00
3.- GASTOS FINANCIEROS	5.000,00
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	151.000,00
6.- INVERSIÓNS REAIS	192.952,32
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.000,00
8.- ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	1.552.867,32 EUROS

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Importe
1.- IMPOSTOS DIRECTOS	341.176,00
2.- IMPOSTOS INDIRECTOS	18.000,00
3.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	231.175,00
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	793.149,00
5.- INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00
6.- ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	0,00

7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	169.367,32
8.-ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL ORZAMENTOS DE INGRESOS	1.552.867,32 EUROS

Na referida sesión tamén se acordou aprobar o plantel de persoal desta Corporación para o exercicio 2023, que, de acordo co preceptuado no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducíase a continuación:

A) FUNCIONARIOS

Denominación	Nº	Grupo	Escala	Subescala	C.D.	Situación
Secretario-Interventor	1	A1/A2	H. Nacional	Secreta.-Interv.	24	O
Técnico de gestión de Administración General	1	A2	Adm. General	Gestión	16	O
Trabajadora social	1	A2	Adm. Especial	Técnica	16	O
Auxiliar administrativo	1	C2	Adm. General	Auxiliar	13	O
Operario conductor	1	C2	Adm. Especial	Serv. Especiales	14	O
Ayudante de servicios múltiples	1	E	Adm. Especial	Serv. Especiales	11	O
Alguacil-Celador de obras y servicios	1	E	Adm. Especial	Adm. Especial	11	O

B) PERSONAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº de Plazas
Servicio de Limpieza (En proceso de estabilización de emprego)	2
Cuidador Albergue-Ordenanza(en proceso de estabilización de emprego)	1
Encargado Centro Interpretación	1
Auxiliar de Ayuda a domicilio (10 prazas en proceso de estabilización de emprego)	19
Peón forestal (Aprod Rural)	1
Operario de desbroces	1
Personal programa " Fomento de Emprego" Plan único Deputación Provincial de Lugo 2022(dous/as peóns, dous/duas conductores/as de maquinaria e un/ha auxiliar administrativo/a).	5

Contra a aprobación definitiva do orzamento, de conformidade co disposto no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que se computarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Baleira, 12 de decembro de 2023.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 3877

CASTRO DE REI

Anuncio

Desafectación dun tramo de camiño no lugar O Rollo, na parroquia de Quintela, para a súa calificación como ben patrimonial.

Acordada pola Corporación en Pleno, na sesión ordinaria do día 17 de novembro de 2023, a aprobación inicial do procedemento para a desafectación do uso público de parte do camiño en O Rollo (Quintela), con referencia catastral número 27010J002090210000UE e superficie de 54,14 m², e cambio de calificación xurídica do ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.

De conformidade co disposto no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado polo RD 1372/1986, de 13 de xuño, e no artigo 83 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, de 2 de outubro de 2015), sométese o expediente a información pública polo prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para os efectos de que poida examinarse e formular, no seu caso, alegacións ou reclamacións durante dito prazo. O expediente pódese consultar na Secretaría do Concello de Castro de Rei (Lugo), na Praza Maior, núm. 1.

Castro de Rei, 5 de decembro de 2023.- Alcalde -Presidente do concello, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3856

O CORGO

Anuncio

Este concello notifica a posibles interesados, que a persoa que se indica a continuación, solicitou autorización de corta de madeira en monte comunal desta entidade local, achegando plano da zona concreta da corta, o que se fai público para que, nun prazo de 15 días hábiles contados a partir da publicación deste edicto no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
CARLOS ABUÍN OTERO	POLÍGONO 46 PARCELA 182	FONTEITA

O Corgo, 5 de decembro de 2023.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 3857

COSPEITO

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL

O Pleno do Concello de Cospeito, en sesión ordinaria celebrada o día 01/12/2023 acordou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa de Alcantarillado, a Ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo municipal de recollida domiciliaria dos residuos sólidos urbáns e a Ordenanza fiscal reguladora da taxa do servizo municipal de subministro de auga potable a domicilio.

En cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días a contar dende o día seguinte da inserción deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro da modificación da ordenanza no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.

Cospeito, 4 de decembro de 2023.- O alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 3858

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE OUTUBRO DE 2023

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 18 de outubro de 2023 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de Outubro de 2023 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de outubro de 2023: 3.399,93€

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de decembro de 2023 e o 01 de febreiro de 2024. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 4 de decembro de 2023.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 3859

RIBADEO

Anuncio

Faise público que o Concello Pleno en sesión celebrada o día 4 de decembro de 2023 adoptou entre outros o acordo que se transcribe:

6.-EXPEDIENTE NÚM.4450/2023 SOBRE MODIFICACIÓN DA ADICACIÓN EXCLUSIVA PARA A CONCELLERÍA DE RR.HH., SEGURIDADE E ATENCIÓN CIDADÁ.

Pons se de manifesto o ditame da Comisión Informativa que se transcribe:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Unha vez celebradas as Eleccións Municipais, o pasado 28 de maio e constituído o novo Concello ou Corporación municipal o 17 de xuño actual, por acordo plenario de data 22 de xuño de 2023 fixéronse adicacions exclusivas e parciais para aqueles Concelleiros/tenentes de Alcalde que prestan servizos permanentes no Concello.

Concretamente para a adicación parcial da Terceira Tenente Alcalde e Concelleira Delegada de RR.HH., Seguridade e Atención cidadá D^a Montserrat Seijo Díaz, fixouse o seguinte réxime:

Concellería delegada de Recursos humanos, Seguridade e atención cidadá réxime de dedicación parcial, fixéndose como retribucións a percepción de 1.500,00 euros brutos mensuais incluídas pagas extraordinarias: a percibir en 14 pagas, 12 correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as 2 restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, suxeita á actualización anual segundo o que para o persoal do Concello de Ribadeo se estableza nas respectivas Leis de orzamentos xerais do Estado e normativa de desenvolvemento.

Transcurridos 5 meses dende o comezo do mandato 2023-2027 e a vista da realización e desenvolvemento dos correspondentes traballos por parte deste equipo de goberno do Grupo municipal Popular, estímase necesario por esta Alcaldía, atendendo ás diferentes funcións que desenvolve a citada Concelleira D^a Montserrat Seijo Díaz no ámbito das áreas de goberno correspondentes ás súas delegacións municipais, con adicación completa ao Concello en horario de mañá e tarde, unha modificación do acordo municipal referido, polo que se

PROPON ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

ACORDO

1º.- Modificar o réxime de adicación parcial da **Concellería delegada de Recursos humanos, Seguridade e atención cidadá pola de réxime de adicación exclusiva completa** fixándose como retribucións a percepción de 2.368,65 euros brutos mensuais a percibir en 14 pagas, 12 correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e as 2 restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, suxeita á actualización anual segundo o que para o persoal do Concello de Ribadeo se estableza nas respectivas Leis de orzamentos xerais do Estado e normativa de desenvolvemento.

2º.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da corporación e web municipal o acordo que se adopte de forma íntegra, aos efectos do seu xeral coñecemento, dada a súa transcendencia, de acordo co establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril."

A Comisión Informativa por catro votos a favor (Dos membros do Grupo PP) e tres abstencións (dos membros dos Grupos BNG e PSG-PSOE) acorda ditaminar favorablemente este expediente para a súa elevación ao Pleno municipal co obxecto de que se adopte o acordo procedente."

(.../...)

A Corporación municipal tras deliberación, en votación ordinaria, acorda por sete votos a favor dos membros do Grupo municipal popular e seis votos en contra (cinco dos membros do BNG e un do PSG-PSOE), prestar aprobación ao ditame transcrito nos propios termos do mesmo.

Ribadeo, 5 de decembro de 2023.- O ALCALDE, DIEGO VEGA PEREZ.

R. 3860

Anuncio

Na sesión plenaria celebrada o día 4 de decembro de 2023 aprobouse inicialmente a modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello.

De conformidade co previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, exponse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao de publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Para o caso de non presentarse alegacións ou reclamacións entenderase aprobada definitivamente a modificación indicada.

Ribadeo, 5 de decembro de 2023.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PEREZ.

R. 3861

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO XERAL 2024

Aprobados inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste concello, do día 04/12/2023 o Orzamento xeral, as bases de execución e o cadro de persoal funcionario e laboral, para o exercicio económico 2024, de acordo co previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, **exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por un prazo de quince días desde a publicación deste anuncio, para os efectos de reclamacións e alegacións.**

Conforme o acordo adoptado, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante ese prazo non se presentan reclamacións. No caso de que se realizasen alegacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas, segundo o establecido no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo

Ribadeo, 5 de decembro de 2023.- O ALCALDE, DANIEL VEGA PÉREZ.

R. 3862

SOBER*Anuncio*

PROCESO SELECTIVO PARA CONTRATACION LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, 3 MESES, 100% DE XORNADA, DUN-HA TRABALLADOR-A, AUXILIAR ADMINISTRATIVO-A, (TITULACIÓN ACADÉMICA DE GRADUADO/A EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO) OU TITULACIÓN EQUIVALENTE OU SUPERIOR.), NOMEAMENTO PERSONAL LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, PARA SERVIZOS ADMINISTRATIVOS, NO MARCO DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023 (B.3.- PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO).

O Alcalde do concello de Sober, por Decreto de 04/12/2023, resolveu convocar o proceso selectivo para a selección dun-ha traballador-a laboral temporal por circunstancias da produción, procedente da situación de desemprego no marco do Plan Provincial Único de Cooperación con Concellos 2023 (B.3.-Programa de Reforzo do Emprego), abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de CINCO (5) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sober, 4 de decembro de 2023.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 3863

O VICEDO*Anuncio*

El Pleno del Ayuntamiento, en sesión ordinaria celebrada el día 27 de septiembre de 2023, aprobó provisionalmente el expediente de imposición de la tasa por el aprovechamiento especial del dominio público local de las instalaciones de transporte de energía eléctrica, gas, agua e hidrocarburos y su ordenanza fiscal reguladora. Habiéndose publicado anuncio de información pública por plazo de 30 días en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo n.º 241, de 20 de octubre de 2023, sin que durante el referido plazo se hubiera formulado reclamación alguna, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 17.3 del Texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas locales, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, se entiende definitivamente adoptado el acuerdo hasta entonces provisional. Finalmente, de acuerdo con lo preceptuado en los artículos 17.4, 18 y 19.1 del Texto refundido de la ley reguladora de las haciendas locales, se procede a la publicación del texto definitivo, pudiendo los interesados interponer contra el acuerdo de aprobación recurso contencioso - administrativo ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia, con sede en A Coruña, en el plazo de dos meses a contar desde el día siguiente al de la publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

O Vicedo, 5 de diciembre de 2023.- El Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE LA TASA POR EL APROVECHAMIENTO ESPECIAL DEL DOMINIO PÚBLICO LOCAL DE LAS INSTALACIONES DE TRANSPORTE DE ENERGÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS.

ARTICULO 1º.- ÁMBITO DE APLICACIÓN: Vienen obligados al pago de la tasa que regula la presente ordenanza todas las personas físicas o jurídicas, sociedades civiles, comunidades de Bienes y demás entidades a que se refiere el artículo 35 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, General Tributaria, que se beneficien de cualquier

modo del aprovechamiento especial del dominio público local con las especificaciones y concreciones del mismo que se dirán, o que vengan disfrutando de dichos beneficios.

La aplicación de la presente ordenanza se refiere al régimen general, que se corresponde con la tasa a satisfacer establecida en el artículo 24.1.a), del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, por el aprovechamiento especial del dominio público local, en las que no concurren las circunstancias de ser empresas suministradoras de servicios de interés general que afecten a la generalidad o a una parte importante del vecindario y que ocupen el suelo, subsuelo o vuelo de las vías públicas municipales, circunstancias previstas para el artículo 24.1.c).

ARTICULO 2º.- HECHO IMPONIBLE: Constituye el hecho Imponible de la tasa, conforme al artículo 20 del Texto Refundido de la Ley de Haciendas Locales de 5 de marzo de 2004, el aprovechamiento especial del dominio público local en su suelo, subsuelo y vuelo, con:

Instalaciones de transporte de energía con todos sus elementos indispensables que, a los meros efectos enunciativos, se definen como cajas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalaciones o líneas propias de transporte o distribución de energía eléctrica, gas, agua u otros suministros energéticos, instalaciones de bombeo y demás elementos análogos que tengan que ver con la energía y que constituyan aprovechamientos del dominio público local no recogidos en este apartado.

Instalaciones de transporte de gas, agua, hidrocarburos y similares.

El aprovechamiento especial del dominio público local se producirá siempre que se deban utilizar **instalaciones de las referidas** que materialmente ocupan el dominio público en general.

A los efectos de la presente ordenanza se entiende por dominio público local todos los bienes de uso, dominio público o servicio público **que se hallen en el término municipal así como los bienes** comunales o pertenecientes al común de vecinos, exceptuándose por ello los denominados bienes patrimoniales.

ARTÍCULO 3º.- SUJETOS PASIVOS.

